



XUNTA
DE GALICIA

CEIP PLURILINGÜE
MESTRE RODRÍGUEZ
XIXIREI

CEIP PLURILINGÜE MESTRE RODRÍGUEZ XIXIREI
A Esquipa, 22 15820 Lavacolla - Santiago
981886470
ceip.mestre.rodriguez.xixirei@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.es/centros/ceipmestrodriguezoxirei/



PLAN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN



Ceip Plurilingüe
M.R.Xixirei



CURSO 2023-2024

COORDINADORA

EVA MARÍA PEREIRA BARREIRO

CEIP PLURILINGÜE MESTRE RODRÍGUEZ XIXIREI

1. XUSTIFICACIÓN	3
2. ESTUDIO INICIAL DO CENTRO	3
3. OBXECTIVOS	4
4. METODOLOXÍA	7
5. ACTIVIDADES	8
6. RECURSOS DO CENTRO	8
7. ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS	9
8. ALUMNADO NEAE E TRATAMENTO DA DIVERSIDADE	9
9. AVALIACIÓN	10

1. XUSTIFICACIÓN

As novas tecnoloxías están a ter unha gran importancia na sociedade actual. Despois dos anos de pandemia púxose aínda máis de manifesto a súa importancia para a educación a distancia. A escola non debe nin pode quedar á marxe desta realidade e ten que ser quen de formar alumnos/as que podan levar a cabo a súa formación de maneira non presencial cunha competencia dixital que lles permita afrontar o seu día a día e o seu futuro con certas garantías de éxito.

As TIC son unha ferramenta indispensable na escola xa que son unha fonte de adquisición de información, canle de comunicación interpersonal, facilitadoras do traballo colaborativo e de intercambio de experiencias e ideas, medio de expresión e creación, xestor eficaz de recursos (biblioteca, xestión académica e administrativa, ...), recurso interactivo para a aprendizaxe,

Segundo se recolle no Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, cada centro educativo deberá elaborar e incluír no proxecto educativo de centro, un plan de introdución das tecnoloxías da información e da comunicación que implique un cambio metodolóxico e unha adaptación á realidade para o mellor aproveitamento das posibilidades que as TIC ofertan.

2. ESTUDIO INICIAL DO CENTRO

O CEIP Mestre Rodríguez Xixirei vén apostando pola actualización do equipamento e o seu uso máis eficaz.

Todas as aulas do centro contan con PDI, ordenador e proxector. Tamén se conta con dous ordenadores con teclado en ucraíno para os alumnos que se incorporaron o curso pasado.

Os cursos de 5º e 6º de primaria están traballando co Proxecto E-Dixgal por noveno curso (libros dixitais en todas as materias).

Todo o profesorado do centro conta cunha conta de correo electrónico que serve de canle de comunicación entre todos. Toda a información administrativa é enviada por parte da dirección ao profesorado e as familias a través do correo corporativo e da aplicación ABalarMóbil.

A páxina web do centro é o medio oficial de información para a comunidade.

A apertura do centro cara o mundo vense facendo dende decembro do 2019 coa rede Instagram. Esta ferramenta axuda ás familias a poder observar pinceladas do noso día a día no centro, así como nos conecta con outros centros e comunidades educativas, axundándonos a dar a coñecer o noso proxecto.

3. OBXECTIVOS

❖ A curto prazo

Alumnado

- Utilización da Aula Virtual do centro, como ferramenta e complemento de actividades mediante vídeos, exercicios interactivos, etc.
- Aprender o manexo básico dos sistemas operativos Windows ou Linux (dependendo do curso), adaptado ás idades do alumnado.
- Introducirse no uso do procesador de texto e presentacións.
- Aprender a buscar, seleccionar e valorar información en Internet.
- Organizar e tratar mediante medios informáticos a información previamente obtida.
- Utilizar programas e contornos que faciliten a aprendizaxe das diferentes áreas do currículo.
- Impulso do traballo por proxectos aproveitando os recursos TIC.

□ Profesorado

- Aprendizaxe do manexo da aula virtual como recurso educativo.
- Introducir as aplicacións informáticas na aula aproveitando as ferramentas dixitais das que se dispoñen. Usar internet como ferramenta de busca de información no seu traballo diario e como medio de comunicación co resto da comunidade educativa
- Mellorar a comunicación directa co profesorado do propio centro, doutros centros e coa Administración educativa mediante o emprego de ferramentas electrónicas.
- Facilitar o acceso da informática ao alumnado con NEE e nas tarefas de apoio e reforzo educativo
- Continuar mellorando e actualizando, coa colaboración do profesorado, a páxina web do centro.
- Impulsar o espazo da Aula Virtual como repositorio de ferramentas e materiais para o ensino- aprendizaxe.
- Coñecemento da xestión da biblioteca escolar co programa Koha: catalogación, rexistro, empréstimo, devolución...

❖ **A longo prazo**

□ Alumnado

- Favorecer un uso máis educativo dos medios virtuais.
- Espertar o interese por aprender ao apoiarse nun soporte audiovisual de comunicación.
- Descubrir ou reforzar as aprendizaxes de aula mediante o uso das TIC.
- Adquirir estratexias intelixentes de busca, tratamento, procesamento e presentación da información.
- Desenvolver o sentido crítico respecto a información recibida destes medios.
- Fomentar o traballo cooperativo entre o alumnado.
- Estimular a creatividade e a imaxinación utilizando estes

medios de comunicación e expresión.

- Superar as barreiras xeográficas que o alumnado ten, para se comunicar cos seus compañeiros/as de clase, colexio, doutros colexios, doutras cidades, países ... tanto no colexio como no seu fogar.
- Potenciar a integración do alumnado con NEE mediante o emprego de materiais adaptados a cada caso.
- Favorecer a superación das limitacións de acceso ás TIC derivadas das desigualdades sociais.
- Familiarizarse coa nova forma de aprender que o uso destes medios aportan: formación virtual onde non é necesaria a coincidencia espacial nin temporal.
- Tomar conciencia de que as novas estratexias adquiridas son a base para o aprendizaxe autónomo do alumnado ao longo de toda a súa vida.

Profesorado

- Coñecer e usar cos/as alumnos/as as TIC para descubrir e reforzar contidos curriculares.
- Empregar programas de apoio a alumnos/as con NEE e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes.
- Favorecer a superación das limitacións de acceso ás TIC derivadas das desigualdades sociais.
- Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ao aproveitar as posibilidades que ofrecen as TIC.
- Empregar as TIC para o traballo cotián e nas actividades de aula: programacións, proxectos, explicacións, actividades ...
- Consultar e obter información a través das TIC, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente
- Favorecer o intercambio de coñecementos, experiencias,

iniciativas ... con outros/as profesores/as

- Lograr a integración das TIC como medio dinámico de comunicación entre o profesorado e as familias a través de internet (páxina web, correo electrónico, AbalarMóbil...).

Comunidade escolar

- Dinamizar o espazo da ANPA na web do centro, onde se localicen a información máis relevante e os documentos de consulta para a comunidade educativa.

4. METODOLOXÍA

As TIC na escola deben entenderse integradas nas diferentes áreas curriculares. O alumnado deberá empregalas para reforzar as aprendizaxes recollidas no currículo.

Como métodos de traballo, e tan só a nivel orientativo, propóñense os seguintes:

- Emprego da Aula Virtual como espazo de aprendizaxe.
- Emprego de programas educativos e didácticos tanto comerciais (que se mercarían) como de uso libre (que se baixarían de internet). Estes programas servirían para reforzar ou axudar na aprendizaxe de aspectos curriculares de xeito motivador e lúdico para o alumnado.
- Unidades didácticas en liña.
- Actividades para aprender informática e para empregar os recursos de que podemos dispoñer na internet.

- Proxectos de clase para afondar, coa axuda das TIC, as aprendizaxes realizadas noutras materias ao tempo que se afianzan as habilidades adquiridas no manexo das ferramentas informáticas.

5. ACTIVIDADES

- Uso da Aula Virtual
- Uso de programas educativos.
- Busca de información na web.
- Consulta en enciclopedias dixitais.
- Consulta de dicionarios.
- Comunicación con outros compañeiros.
- Preparación de traballos para a páxina web.
- Produción de traballos multimedia.
- Creación de textos e presentacións.
- Xestión da biblioteca co programa Koha.

6. RECURSOS DO CENTRO

- Todas as aulas do centro contan con PDI, portátil e proxector.
- A aula de música conta con proxector e encerado dixital.
- Dous ordenadores e escáner na sala de profesores.
- Un ordenador na biblioteca para xestión da mesma, un portátil para traballo do profesorado, e impresora.
- Dous portátiles para traballo do alumnado. Proxector e pantalla.
- Un ordenador en secretaría.
- Un ordenador e impresora láser en dirección.
- Dúas fotocopiadoras con función escáner conectada en rede (unha a cor).
- Unha fotocopia b/n no edificio de Primaria.
- 24 ordenadores portátiles.
- Cableado de rede de datos en todas as aulas do centro.
- Aulas de 5º e 6º con equipamento para o Proxecto E-Dixgal.

7. ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS

Todos espazos onde é necesario, contamos con polo menos un ordenador.

8. ALUMNADO NEAE E TRATAMENTO DA DIVERSIDADE

O uso das TIC cobra especial relevancia na educación con alumnado con NEE e no tratamento da diversidade pois as ferramentas e materiais interactivos (xa sexan en soporte CD, DVD ou en liña), xa que individualizan o traballo dos/as alumnos/as tanto no referente aos contidos como ao tempo para a realización das diferentes actividades.

Moitas formas de diminución física ou psíquica limitan as posibilidades de comunicación e o acceso á información. En moitos destes casos o ordenador, incluso con periféricos especiais, poden abrir camiños alternativos que resolvan estas limitacións.

O alumnado con altas capacidades ou con necesidade de recibir un reforzo educativo, pode realizar actividades de ampliación ou complementarias e de recuperación empregando estas ferramentas tecnolóxicas con programas axeitados.

Non debemos esquecer que o centro ten a obriga de realizar unha labor compensatoria das desigualdades socioeconómicas, facilitando un acceso preferente ás TIC aos alumnos/as que non dispoñan delas no seu fogar.

9. **AVALIACIÓN**

Que avaliamos:

- Obxectivos e actividades: grao de consecución e adecuación
- Metodoloxía
- Profesorado: grao de implicación, formación e recursos empregados
- Materiais multimedia creados
- Equipos informáticos: avarías e deterioro

Cando avaliamos:

- Avaliación inicial
 - Do profesorado: nivel de formación nas TIC
 - Do alumnado: nivel de competencia dixital
- Avaliación continua
 - Aportará a información que permita a realización dos axustes necesarios co fin de acadar os obxectivos inicialmente propostos
 - Esta avaliación será, polo menos, trimestral e será realizada polo coordinador do plan e os/as coordinadores/as de ciclo.
- Avaliación final
 - Permitiranos coñecer os avances reais acadados ó longo do curso.